



BANDO

LIMPEZA E VALADO DE TERREOS E SOARES

Don **JOSÉ LUIS FERRO IGLESIAS**, alcalde do Concello de Celanova

Fago saber:

Que de conformidade co disposto na Ordenanza municipal reguladora da limpeza e valado de terreos e soares (BOP núm. 33 de data 11 de febreiro de 2016) e na **Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia**, os propietarios de toda clase de terreos e construcións deberán mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público, quedándolles expresamente prohibido manter neles lixo, residuos, cascallos, ou maleza vexetal.

En consecuencia, **en orde a previr e evitar o risco de incendios forestais**, prégase ós propietarios de toda clase de terreos e construcións que se atopen incumprindo a normativa de aplicación que coa maior brevidade que lles sexa posible e en todo caso antes do 30 de xuño, procedan a adoptar as medidas de limpeza pertinentes ó obxecto de corrixir a situación existente.

En caso contrario, poderase proceder, de oficio ou a instancia de parte, á iniciación do pertinente procedemento administrativo en orde a notificar ás persoas responsables a súa obriga de xestión da biomasa vexetal, advertíndolles da posibilidade de execución subsidiaria en caso de incumprimento, con repercusión dos custes ós mesmos, e sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que correspondese e da aplicación de multas coercitivas, no seu caso.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Celanova, 7 de abril de 2016


O alcalde

Concello de Celanova